

**Guía sobre delitos contra
a Libertad Sexual,**

**Violencia de Género
de Carácter Sexual**

**Ciberdelitos de
Naturaleza Sexual**



INTRODUCCIÓN

Nestes **tempos de COVID** no que o peche dos centros educativos, o distanciamento social, as medidas de confinamento, o empeoramento das condicións da vida e o maior **estrés o que están sometidos os nenos, as nenas e a xente xoven**, fan que se experimenten maiores niveis de ansiedade, medo e preocupación, especialmente nas **nenas e mozas**. Concretamente, un 33% sofren ese estrés psicolóxico, dez puntos por riba dos nenos e mozos.

A estes riscos engádesse a **maior vulnerabilidade das nenas e das rapazas novas con respecto á violencia de xénero**, que é múltiple e que se manifesta de diversas formas: VIOLENCIA DE XÉNERO, VIOLENCIA SEXUAL, ACOSO NAS REDES SOCIAIS... Todos estos comportamentos son **violacións graves dos dereitos dos nenos, nenos e adolescentes. Unha de cada catro mozas a partir dos 16 anosufriu algun tipo de violencia polo feito de ser muller.**

A incidencia en **entornos dixitais** de estos delitos ou prácticas de risco aumentou durante a COVID polo incremento das tecnoloxías para o ocio e para a comunicación, o 94% dos e das adolescentes entre dez e quince anos usan internet e o 85% ten perfil nas redes sociais.

O CIBERACOSO é a segunda forma de acoso máis común, afecta a 2 de cada 10 xóvenes, o 29% nenas e mozas e o 19% nenos e mozos.

O ACOSO ESCOLAR é a primeira forma de acoso que afecta o 39% do alumnado, o 44% son nenas e mozas.

O ACOSO ENTRE AMIGOS E AMIGAS afecta o 17,1% da xuventude.

A VIOLENCIA DE XÉNERO é sufrida polo 17% das nenas e mozas de 13 a 24 anos.

A VIOLENCIA SEXUAL nas adolescentes e mozas entre 16 e 24 anos é unha lacra que sofren un 6,8% por parte da exparella e o 5,7% por parte de calquera parella.

Unha das causas é o **acceso á pornografía** que se adiantou ós oito anos e que **normaliza prácticas de violencia contra as mulleres** que se consideran obxectos para satisfacer ó home.

A educación é a ferramenta perfecta para eliminar a violencia e os delitos no mundo dixital, porque as TIC e as RRSS non son o futuro, son o presente. O acceso as mesmas é **un dereito e ninguén nos debe expulsar do mundo dixital**, son as persoas acosadoras e as que fan un mal uso das mesmas as que o deben abandonar, elas non poden gañar. **Debemos esixir que os mecanismos de denuncia funcionen, denunciar e despois bloquear, ademáis de utilizar os mecanismos de denuncia xudicial.**

**Datos extraídos de:
INE 2018 y Safe The Children España*

Delitos contra a liberdade sexual

Cando os comete a nosa parella ou exparella son **VIOLENCIA DE XÉNERO.**

Agresións Sexuais


Somos vítimas de agresións sexuais cando con violencia ou intimidación atentan contra a **nosa liberdade sexual**.

A - Violación por asalto

– o violador é un descoñecido que aparece de repente nun parque, nun portal... Son pouco frecuentes e as que máis se denuncian,

B - Violación en cita

– o violador é un coñecido, un noivo, un exnoivo, un amigo, un compañeiro de clase ou de traballo, un coñecido das RRSS... Son as máis frecuentes, un 82% dos casos. Estas violacións son as que menos se denuncian.



“

Convidoume a subir ó seu piso **para** ver unha película, unha vez alí **díxenlle que non e non parou**.

“

Convidoume a durmir na súa casa despois dunha noite de festa, e deu por feito que eu quería ter relacións sexuais e non era así. **SO UN SÍ E UN SÍ!**

“

Que vergoña!. Como vou denuncialo si o vexo tódolos días no instituto!

“

Que dirán?, Non debín subir o seu piso, bebín de máis...Non dixen un non contundente!...

“

Porque me cuestiono?**Eu son a vítima e el o agresor**.

C - Violación grupal.

E a violación na que participan dous ou máis agresores contra unha vítima. Este comportamento adoita ser efecto da pornografía na que as mulleres somos un obxecto utilizado solo para satisfacer os homes nun contexto totalmente machista.

As veces é moi difícil demostrar a violencia porque a vítima parálizase polo medo insuperable. A manada sempre volve.

D - Violación por submisión química.

“

Botáronme algo na bebida, demasiado alcohol, pastillas... non sei, perdín o control, non recordo nada.

“

Algo me fai sospeitar: espertei nun lugar descoñecido, coas bragas o revés, ca roupa rachada, teño negróns, non sei con quen estiven alí...

“

Acudín o centro de saúde e axudáronme a comprender que fun **vítima dunha violación.**



NON!

DENÚNCIAO, CÓNTAO, VAI O TEU CENTRO DE SAÚDE... ¡NON ESTAS SOA!

SOMOS A XERACIÓN Z

SOMOS NATIVOS DIXITAIS e NON CONCEBIMOS A VIDA SIN INTERNET, pero a **REDE NON TEN PORTAS** e os delitos tamén se adaptaron a tecnoloxía global .

Os depredadores sexuais, benefíciense do anonimato para contactar coas vítimas e o **ciberespazo vólvese perigoso:**

- **Perfís falsos nas RRSS**
- **Sexting**
- **Stalking**
- **Grooming**
- **Ciberbullying**
- **Sextorsión**
- **Happy Slapping**




A. Sexting

É unha práctica que consiste en **enviar ou recibir imaxes, fotos e vídeos con contido sexual a través do móbil, RRSS ou outro medio electrónico.**

O **sexting** non é delito, forma parte do xogo sexual, pero **ó enviar a foto ou o vídeo pérdese o control, xa non nos pertence**, estamos a expensas do comportamento de quen os reciba que pode **facer un mal uso deles.**

O SEXTING É UNHA PRÁCTICA DE RISCO QUE PODE DERIVAR EN DELITO.



¡TODO ISTO É DELITO!

“

Graveime co meu teléfono con posturas sexis que molaban moitísimo, envíelle o vídeo ó móbil do rapaz que me gustaba e el compartiuno cos seus amigos, agora vivo un inferno no instituto, nunca sei quen o viu, cando vexo un sorriso penso que se están burlando de min. **"Quero desaparecer!"**

“

Rouboume o teléfono para vingarse porque rompín con el e ameázame con publicar as fotos que fixen para coquetear e seducir, **fai-me SEXTORSIÓN**

“

As miñas amigas presiónanme porque son a única que non comparte fotos ou vídeos sexis.

“

Fixéronme **cracking**, accederon o meu teléfono sen permiso e agora amenázame con publicar as fotos e mensaxes coa miña noiva, ninguén sabe que me gustan ás persoas do meu sexo.

B. Stalking

STALK, espreita, persecución ou vixiancia con atención constante e sen ser visto/a, espionaxe, chamadas ou mensaxes reiteradas que **alteran gravemente a nosa vida diaria**.

**¡TODO ISTO
É DELITO!**



“

Estou vivindo un inferno, cortei con el e contrólame aínda máis que antes, perségume de forma obsesiva, aparece de repente cando estou con amigos e amigas... sinto o seu **“alento na caluga”**

“

Teño que estar sempre pendente do teléfono, é como unha cadea: “vótote de menos, quérote moito, con quen estás?” sabe todo o que fago, onde vou... **contrólame e por medo déixome controlar.**

“

Xulga a miña roupa, publicacións, amigas e íllame dos que máis quero.



C. Cyberbullying

Acoso entre iguais, entre menores, en forma de insultos, chantaxes, ameazas... a través de medios tecnolóxicos.

¡TODO ISTO É DELITO!

“

A rede non ten portas, o acoso xa saíu do instituto, chegou ao ximnasio, ao barrio..., **quero desaparecer!**

“

As burlas son constantes, os comentarios horribles, non teño a quen contarllo, **quero morrer!**

B. Grooming - Child grooming

Engano a menores de 16 anos gañándose a súa confianza por calquera medio tecnolóxico co fin de solicitar fotos, vídeos para utilizalos como material pornográfico o co fin de propiciar un encontro con fins sexuais.

¡TODO ISTO É DELITO!



“

Díxome que si non ía ao parque contaríalle os meus pais que lle envíe fotos en roupa interior. Cando cheguei ao parque dinme conta que **“o meu amigo” era un home maior.**

“

Quería un vídeo gravado na ducha, pero deume medo e non puiden enviálo.

“

**Cóntao no
instituto, a teu pai,
a túa nai, á policía,
no centro de saúde**

**¡NON ESTAS
SOA!**

Teléfono de información e asesoramento
violencia de xénero



016

Teléfono de información e asesoramento
violencia de xénero



016

